



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BRIÓN

Derrogación do regulamento dos procedementos de intervención administrativa nas actividades e servizos suxeitos a comunicación previa, declaración responsable e licenza de apertura

EDICTO

O Pleno do Concello, en sesión de data 26 de febreiro de 2014, aprobou inicialmente a derrogación do regulamento dos procedementos de intervención administrativa nas actividades e servizos suxeitos a comunicación previa, declaración responsable e licenza de apertura, cuxo texto definitivo foi publicado no BOP do 15.02.2013.

Transcorrido o prazo sinalado no artigo 49 b) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sen presentarse ningunha reclamación nin suxestión, enténdese definitivamente aprobado o acordo de derrogación do regulamento.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Brión, 14 de abril de 2014

O alcalde

José Luis García García

2014/4231